

DECRETO

Ilmo. Sr. Don Miguel Fernández Méndez, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Cohesión Territorial do Excmo. Concello de Lugo.

Asunto: ASUNTO: AMPLIACIÓN DO PRAZO DE SOLICITUDE PARA A CONVOCATORIA DO PROCEDEMENTO PARA O OUTORGAMENTO DE AUTORIZACIÓNS DE USO DOS HORTOS URBANOS MUNICIPAIS NO “PARQUE DOS PAXARIÑOS”.

Visto o informe-proposta do Servizo de Medio Ambiente, que na súa parte expositiva é do teor literal seguinte:

“ANTECEDENTES

1. A Ordenanza municipal reguladora dos hortos urbanos ten como principios os de necesidade, eficacia e eficiencia, polos que se trata de dar un uso sostible a espazos verdes da cidade co obxecto de poñer a disposición da cidadanía ditos espazos e garantir os dereitos de todas as posibles persoas usuarias.
2. No Decreto 7935/2021 do 28 de setembro de 2021 aprobouse a convocatoria do procedemento de adxudicación para a concesión de autorizacións municipais na condición de persoas beneficiarias ou concesionarias dos hortos urbanos sitos no Parque dos Paxariños. Deuse un prazo de 15 días naturais para a presentación de solicitudes a partir da publicación da dita convocatoria que finaliza o 14 de outubro de 2021.
3. Dado que, a data de 13 de outubro de 2021, coa solicitudes presentadas non se outorgarían a totalidade dos 32 hortos urbanos e que o período de solicitudes coincidiu coa celebración das Festas de San Froilán de Lugo, o que puido diminuír a publicidade da convocatoria e incluso dificultar a presentación das solicitudes.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

ÚNICA.- Artigo 32 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no que se regula a ampliación de prazos.”

No uso das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local no artigo 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, en virtude da delegación da Xunta de Goberno Local no Tte. de Alcaldesa Delegado da Área, recollida no apartado segundo do Acordo núm. 28/452 da Xunta de Goberno Local

Medioambiente

JTR/cll

Refº: ispac1496211109609384137.doc

Asunto: Exp 2021/G001/008908

do 17 de xullo de 2019; e de conformidade coa proposta do Servizo de Medio Ambiente,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Ampliar o prazo para presentar solicitudes da convocatoria Hortos Urbanos aprobada por Decreto 7935/2021 do 28 de setembro de 2021, pola metade do prazo orixinal de 15 días naturais, é dicir 8 días naturais, ata o 22 de outubro de 2021 incluído.

SEGUNDO.- Publicar esta resolución no Taboleiro de Edictos do Concello de Lugo así como na súa páxina web.

Contra a presente resolución non cabe interpoñer recurso algún, sen prexuízo do procedente contra a resolución que poña fin ao procedemento, de conformidade co disposto no artigo 32.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Así mesmo, déase traslado ás dependencias e aos servizos municipais afectados. Cúmprase.